



Yuisa Villalta

6º Educación Primaria

Día das letras galegas 2024

Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña, na rúa Vila de Laxe, o 15 de xullo de 1957. De pequena estudou na súa cidade natal, no colexio das Xosefinas e no instituto Eusebio da Guarda.

Na Universidade de Santiago de Compostela licenciouse en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa. Aprobou as oposicións para profesora de secundaria e impartiu clases de galego nos institutos coruñeses de Perillo-Oleiros, Canido-Ferrol e Sada.

Foi colaboradora en moitas publicacións galegas: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luzes de Galicia... O *Libro das columnas* recolle os seus artigos publicados no xornal A Nosa Terra.

Participou activamente en entidades que defendían o noso idioma: a Asociación de Escritores en Lingua Galega e na Mesa pola Normalización Lingüística.

Tamén foi unha grande intérprete de violín e formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, *Concerto para un home só*, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Faleceu na Coruña o 6 de marzo de 2004, á idade de 46 anos.

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, Día das Letras Galegas.



A escritora coruñesa Luísa Villalta Gómez é a homenaxeada no Día das Letras de 2024.



Luísa formou parte, como violinista, da Xove Orquestra de Galicia.

ACTIVIDADES

1. Verdadeiro ou falso. Se é falso, corrixe:

a) Luísa Villalta Gómez faría este ano 67 anos.

b) Fixo a educación primaria, a secundaria e os estudos universitarios na capital galega.

c) Desenvolveu a súa actividade docente unicamente na comarca da Coruña.

d) Foi unha muller polifacética.

e) Iniciouse na literatura como dramaturga.

f) Foi unha escritora prolífica.

2. Completa a seguinte táboa con información do texto:

ESTUDOU EN ...
TRABALLOU EN ...
COLABOROU EN ...
DEFENDEU O IDIOMA ...
FOI VIOLINISTA NA ...
ESCRIBIU OBRAS DE ...

3. A que asociación na que colaborou Luísa corresponde esta icona?



Inventa unha icona para a outra entidade na que colaborou:

**A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

4. Atopa no texto o nome das institucións e completa a táboa:


- a) Organización galega que loita pola normalización da lingua galega.
- b) Institución científica, creada en 1906, que ten como obxectivo o estudo da cultura galega e a defensa e promoción da lingua galega.
- c) Asociación de escritores que defenden a escritura en galego.
- d) Centro educativo de ensinanza secundaria e bacharelato.

ACRÓNIMO	ORGANIZACIÓN, ASOCIACIÓN OU INSTITUCIÓN

5. Elabora os teus deseños para as seguintes publicacións nas que colaborou Luísa Villalta.


A NOSA TERRA

FUNDADA EN 1907



GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA



6. Luísa Villalta colaborou en diferentes publicacións galegas, das cales dúas seguen editándose:

● Unha publicación trimestral editada pola editorial Galaxia dende 1963 e que leva como subtítulo Revista Galega de Cultura: _____

● Un xornal que se fundou en 1977 en papel e que pasou a ser electrónico no ano 2018: _____


7. Luísa formou parte da Xove Orquestra de Galicia como violinista; atopa algúns instrumentos que podemos escoitar nunha orquestra.

○ Hai tres instrumentos de corda, catro de vento e un de percusión.


CONTRABAIXO
FAGOT
TROMBÓN
TUBA
ARPA
ÓBOE
VIOLÍN
TIMBAL

C	O	N	T	R	A	B	A	I	X	O
V	X	H	R	C	B	M	R	N	Z	L
F	A	G	O	T	D	Z	P	A	C	X
M	T	L	M	F	S	G	A	R	V	D
F	U	Q	B	T	I	M	B	A	L	B
Z	B	C	O	B	O	E	N	L	X	H
B	A	V	N	G	V	I	O	L	I	N

8. Debuxa o instrumento musical de corda que tocaba Luísa Villalta.




9. Deseña unha portada para o primeiro libro de Luísa Villalta «Concerto para un home só».



AS CHAVES DO TEMPO

.V

Sabede que naquel tempo a Galiza era terra de pousadas e hospedaría e aínda mesóns onde se preparaba o compango de peregrinos para todos os que chegaban provenientes dos moitos camiños do mundo. Algúns peregrinos botaríanse a andar por vontade de achar reparación para penas espirituais, pero moitos outros, os máis, por traer e vender mercadorías e non poucos viñan fuxintes de estraños lugares onde deixaban preitos, por roubo, adulterio, rebeldía no pago de tributos, así como soldados escapados das levas. Por iso os hospedeiros adoitaban rexerse polas súas propias leis co fin de asegurar a paz e o convivio entre persoas de tan diferente condición e miraban moi mal que embozados ou descubertos, aínda que chegasen no nome da xustiza ou dos mesmos reis polo brazo dos seus sicarios, viñesen impor o seu propio respecto.



ACTIVIDADES

1. Comprensión lectora.

○ O que conta o texto ten lugar no presente ou no pasado?

○ Que di que era Galiza?

○ Cita dous motivos polos que os peregrinos se botaban a andar.

○ Quen aseguraba a paz entre os peregrinos?

○ Onde se preparaba o compango dos peregrinos?



○ Tiñan os hospedeiros que rexerse por leis impostas?

○ Que tipo de preitos deixaban algúns peregrinos dos lugares dos cales fuxían?

○ Quen escapaba das levas?

2. No texto aparecen as palabras *hospedaría* e *hospedeiro*, que pertencen á mesma familia de palabras. Atopa no texto palabras que pertencen á mesma familia das seguintes palabras?

Espírito: _____

Mercado: _____

Reparar: _____

Cubrir: _____

Vivir: _____

3. Coloca as palabras da actividade anterior no grupo que lle corresponde?

SUSTANTIVO	ADXECTIVO	VERBO
HOSPEDARÍA		
HOSPEDEIRO		



4. Busca no dicionario a definición das seguintes palabras e escribe unha oración con cada unha delas.

peregrino ► _____

preito ► _____

leva ► _____


sicario ► _____


5. Un hospedaxe é calquera tipo de establecemento destinado a recibir hóspedes. Hai moitos tipos de hospedaxe. Saberías nomear algún? Aquí tes algunha placa identificativa de tipos de hospedaxe.


ALBERGUE PARADOR HOTEL CÁMPING CASA RURAL











6. Atopa no texto palabras relacionadas coa hostalaría, que corresponden coas definicións.

hospedaxe mesón pousada

○ Establecemento no que se serve comida e bebida:

M _____

○ Hospedaxe de características modestas onde habitualmente se aloxa xente que vai de paso:

P _____

○ Calquera tipo de establecemento destinado a recibir hóspedes:

H _____

7. Ordena as letras para atopar outro tipo de aloxamentos.

○ Hospedaxe de características modestas.

E P N S Ó N I ►

○ Establecemento onde se dá aloxamento e comida, e que xeralmente é de menor luxo e máis pequeno ca o hotel.

L A T S O H ►


○ Casa ou lugar onde se dá pousada ao viaxeiro ou onde se atopa refuxio.

A E U E L B R G ►

○ Establecemento que está preparado para dar aloxamento e comida a un número elevado de persoas a un prezo estipulado.

T O L H E ►

8. No texto Luísa Villalta describe diferentes tipos de peregrinos e delitos. Atopa no encrucillado os diferentes tipos de peregrinos que emprendían o camiño de Santiago.



HORIZONTAIS

1. Peregrino que busca a reparación da alma.
2. Persoa que se apodera do que non é seu.
3. Persoa que se dedica ao comercio.

VERTICAIS

- A. Persoa que non obedece ao que se lle manda, que non se somete a ningún tipo de disciplina.
- B. Persoa que desertou da milicia.
- C. Asasino a soldo, que mata por mandato doutros.

HORIZONTAIS: 1. PENITENTE 2. LADRÓN 3. COMERCIANTE
VERTICAIS: A. REBELDE B. DESERTOR C. SICARIO

9. Le e elixe a opción correcta.

➡ **O camiño con maior tradición histórica e o máis popular é:**

- a) O Camiño Portugués
- b) O Camiño Primitivo
- c) O Camiño Francés

➡ **O Camiño Francés foi descrito xa en 1135 nun códice que constitúe unha auténtica guía medieval e que se denomina:**

- a) Camiño de Santiago Lonely Planet
- b) Codex Calixtinus
- c) O Camiño de Santiago: As marabillas dunha viaxe milenaria

➡ **Na época de ouro das peregrinacións, séculos XI-XII, os peregrinos chegaban a Compostela:**

- a) A pé
- b) A pé e a cabalo
- c) A pé, a cabalo e en barco

➡ **Actualmente, un dos símbolos máis internacionais do Camiño de Santiago é:**

- a) A frecha amarela
- b) A bota do peregrino
- c) As bochas dos pés

➡ **O Camiño Francés pasa pola localidade de...**

- a) Granada
- b) Melide
- c) Lisboa



➡ **O final do Camiño Francés é a localidade de...**

- a) Palas de Rei
- b) O Cebreiro
- c) Santiago de Compostela

10. Le o texto e decide se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas; escribe as catro primeiras palabras da oración que xustifica a túa elección.

a) Soamente podían peregrinar a Santiago as persoas que non quebrantaran a lei.

b) Os aloxamentos e os restaurantes escaseaban daquela.

c) Os peregrinos procedían de lugares diversos.

d) Os peregrinos emprendían o camiño unicamente por motivos espirituais ou relixiosos.

e) Naquel tempo, a policía encargábase de manter a orde pública e de garantir a seguridade cidadá.

11. No texto aparecen palabras antónimas; serás quen de atopalas?

_____ e _____

_____ e _____

Agora atopa no texto o antónimo das seguintes palabras:

► Escasos: _____ ► Obediencia: _____

► Alegrías: _____ ► Guerra: _____

► Coñecidos: _____ ► Ignominia: _____



12. Consulta a seguinte páxina web e planifica o teu propio Camiño. Completa a táboa. <https://www.caminodesantiago.gal/gl/inicio>

Nome do Camiño	
Punto de inicio	
Número de etapas e total de quilómetros que vas percorrer	
Data da viaxe	
Acompañantes	
Tres cousas que non vas deixar na casa	

13. Deseña o teu propio adhesivo do Camiño de Santiago.




14. Esta ilustración é unha das moitas que existen sobre o Camiño de Santiago: un peregrino e unha mouteira. Serías quen de facer unha ilustración sobre o camiño? Podes engadir á túa ilustración unha mensaxe que invite a peregrinar:



EMIGRAR EN TERRA PROPIA

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que *somos* emigrantes, saiamos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicindo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cóntanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudoso, que se aprontou a darlle un consello: «Que non faga o parvo. E total para que quere o teu fillo o *gallego*? Co *gallego* non pasa de Astorga!» Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe. Paréceme un exemplo elocuente dun sentir extendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás. E falo en plural porque hai un *nós* colectivo que ten asimilado este significado do recambio lingüístico

...



ACTIVIDADES

1. Falemos sobre o texto:

a) Que tipo de texto literario é? Arrodea.

POESÍA NARRATIVA TEATRO

b) Cal dirías que é a temática principal do texto?

A EMIGRACIÓN A LINGUA

c) Podes atopar no texto unha palabra que aparece como adxectivo e tamén como substantivo?

d) Busca dous adxectivos de nove letras.


— — — — —

— — — — —

e) Estás de acordo co consello que lle dá a amiga da nai dun alumno da autora do texto? Por que?



2. Completa o encrucillado con palabras que aparecen no texto.



HORIZONTALAIS

1. Concello de Lugo pertencente á Mariña Central.
2. Capital de España.
3. Código verbal usado polos membros dunha sociedade concreta.
4. Persoa que abandona o seu país para establecerse noutro.
5. Territorio de onde unha persoa é natural.
6. Persoa que está entre a infancia e a xuventude.
7. Opinión que se lle dá a alguén ou se recibe de alguén sobre o que se debe ou non se debe facer.
8. Caixa de coiro, lona ou outros materiais, que se usa para levar cousas nas viaxes e pode ter unha ou dúas asas para transportala na man.
9. Persoa que ten a facultade de falar ou escribir de xeito eficaz para deleitar, conmover ou persuadir.

1. BURELA 2. MADRID 3. LINGUA 4. EMIGRANTE 5. TERRA
6. RAPA 7. CONSELLO 8. MALETA 9. ELOCUENTE

3. Atopa no texto e clasifica os sinónimos das palabras seguintes.

xeneralizado prestou recomendación mozo
tráxico acaece acertou aplicado indicio

SUSBTANTIVO	VERBO	ADXECTIVO

Escolle e redacta tres oracións; en cada unha ten que haber unha palabra de cada columna.

- ☐ 1. _____
- ☐ 2. _____
- ☐ 3. _____

4. No territorio español fálanse outras linguas ademais do galego. Saberías unir e colorear cada frase coa lingua que lle corresponde?

CATALÁN →

☐ **EZ DEZALA TONTOARENA EGIN**

ÉUSCARO →

☐ **QUE NO HAGA EL TONTO**

GALEGO →

☐ **QUE NO FACI EL XIMPLE**

CASTELÁN →


☐ **QUE NON FAGA O PARVO**

Escribe unha oración en galego e busca como se diría en éuscaro e catalán.

GALEGO	
ÉUSCARO	
CATALÁN	

5. Forma dez palabras coas letras da palabra «emigrante».

E M I G R A N T E



6. O caso que conta Luísa Villalta no texto nos recorda a esta viñeta de 1924 de Castelao. Poderías facer ti unha viñeta co texto de Luísa Villalta «E total para que quere o teu fillo o *gallego*? Co gallego non pasa de Astorga!».



- E total para que quere o teu fillo o *gallego*? Co *gallego* non pasa de Astorga

7. Atopa na sopa de letras oito posibles causas da emigración forzosa; a continuación tes unhas pistas para atopalas máis facilmente.

**DESASTRE NATURAL DESEMPREGO POBREZA PERSECUCIÓN
CONFLITO PARO GUERRA DESTERRO DITADURA VIOLENCIA**

D	E	S	E	M	P	R	E	G	O	H	J	P	Q	P	I
E	A	Ñ	F	P	O	C	B	V	S	L	E	A	N	V	M
S	B	E	L	I	B	Z	T	U	O	B	D	R	Ñ	U	Z
A	R	X	P	E	R	S	E	C	U	C	I	O	N	A	C
S	I	Ñ	V	H	E	N	T	D	E	S	T	E	R	R	R
T	A	C	I	E	Z	M	C	Q	F	O	A	Z	X	S	U
R	Q	V	O	S	A	V	T	R	O	T	D	F	V	G	P
E	X	C	L	U	S	I	O	N	H	R	U	H	U	I	O
N	D	I	E	B	B	O	D	S	X	P	R	L	N	D	V
A	Q	F	N	Ñ	A	L	E	R	P	S	A	N	G	M	D
T	T	R	C	G	U	E	R	R	A	M	O	X	G	U	B
U	Z	G	I	L	P	N	Z	F	Z	Q	C	R	N	S	F
R	D	Z	A	S	Q	C	X	C	E	L	M	X	T	C	B
A	C	O	N	F	L	I	T	O	D	M	H	L	G	A	I
L	U	N	O	G	F	A	V	E	D	V	X	H	A	G	Ñ

8. Sabías que existe o Día Internacional da Lingua Materna? Foi proclamado pola Conferencia Xeral da UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura) e celébrase o 21 de febreiro co obxectivo de promover o plurilingüismo e a diversidade cultural.

► Galicia é unha comunidade plurilingüe? Por que?

► Cantas comunidades plurilingües hai en España?

► Que idioma se fala en cada unha delas?

9. Galicia pechou o pasado mes de xuño cunha poboación de 2.701.631 persoas. Segundo recolle o estudo «Lingua e sociedade en Galicia», o galego conta con 1.300.000 falantes. Tendo en conta estes datos, saberías calcular que porcentaxe de poboación fala galego?



A black and white outline map of Europe. Countries are labeled in Spanish: ISLANDIA, ISLANDA, INGLATERRA, ALEMANIA, FRANCIA, PORTUGAL, ESPAÑA, ANDORRA, MONACO, ITALIA, SUECIA, NORUEGA, FINLANDIA, ESTONIA, LETONIA, LITUANIA, BIELORRUSIA, POLONIA, REPUBLICA CHECA, SLOVACIA, AUSTRIA, HUNGRÍA, RUMANIA, MOLDAVIA, GEORGIA, ARMENIA, AZERBAIYÁN, BULGARIA, GRCIA, TURQUÍA, and RUSIA. Bodies of water are labeled: MAR BALTICO, MAR NEGRO, and MAR CASPIO. A compass rose in the top left corner shows North (N), South (S), East (E), and West (O).

Ao leste: _____

Ao oeste: _____

Dous países que sexan illas: _____

Dous países moi pequenos: _____

Algún país con moita costa: _____

Un país con illas pequenas ao redor: _____